

Bruno Stroszek (Bruno S.), músico de rúa en Berlín, é soltado da prisión tras ter cumprido una longa pena por un delito relacionado co alcohol. Acolle na súa casa á prostituta Eva (Eva Mattes) que xa non aguanta máis co seu proxeneta. Non conseguen estar en calma: sempre volven aparecer os proxenetas, que humillan a Bruno e baten en Eva. É daquela cando Scheitz, o veciño de Bruno, é convidado polo seu sobriño Clayton, que vive en Wisconsin, EUA. Tamén Bruno e Eva poderían comezar unha nova vida aló. Bruno pode traballar no taller do sobriño, Eva no restaurante. Eva consegue o diñeiro necesario para a viaxe e marchan os tres. Cando chegan a Railroad Flats, Bruno e Eva collen un *mobile home* completamente amoblado e comezan a traballar. O idilio pequenoburgués non dura moito: atrásanse no pagamento dos prazos para a casa e Eva ten que facer de novo a rúa.

Eva marcha cuns camioneiros, o banco poxa a casa móbil e o televisor a cor. Scheitz tolea: «Vamos facer parar esta conspiración!» Quere atracar o banco con Bruno, pero está pechado. Como alternativa, atracan un perruqueiro.» Están todos combalachados!» di Scheitz, e van comprar ao supermercado de enfronte. Scheitz é detido, Bruno foxe levando o rifle e o pavo conxelado nun camión grúa. Non chega moi lonxe: cando chega a un falso poboado indio deixa que o coche dea voltas até que comeza a arder, pon en funcionamento un funicular e pégase un tiro dentro dunha cabina.

En *Corazón de vidro*, Herzog manifestara a súa desespección arredor da civilización occidental levándoa ao límite da esaxeración estilística. En comparanza, *Stroszek* parece un exercicio de relaxamento, un «gardar o alento» liberador. En imaxes simples, en que ningún esforzo estilístico distrae a mirada do que se nos mostra, expónse unha balada da sorte perdida, na que Herzog concreta o seu pesimismo

cultural —demasiado dado ás totalizacións abstractas— en forma de crítica ás condicións sociais.

As figuras das que nos amosa as súas modestas aspiración e seu lastimoso fracaso son moi actuais, reais. Herzog pon énfase nisto deixando aparecer aos protagonistas cos seus nomes reais, coa excepción do apelido de Bruno S., que é Stroszek, coma o do primeiro heroe dun filme de Herzog. Mentres que o heroe de *Signos de vida* tiña declarado a guerra a unha cidade enteira, á natureza e finalmente ao sol, este Stroszek persegue, sen apenas conciencia, case como unha besta ferida, un obxectivo conmovedoramente modesto: un pouco de calma, un pouco de felicidade pequenoburguesa. Aquel Stroszek fracasara irremediabilmente nos seus delirios de grandeza titánicos; pola contra, o fracaso de Bruno e o dos seus amigos non obedece a ningunha lei natural: resulta do funcionamento tamén profano e inexorable da orde do capitalismo de mercado, na que todo, incluso a pequena porción de comodidade deslucida que representa o *mobile home*, ten o seu prezo. Bruno, que non coñece o pensamento en dólares e céntimos, non dá feito. Experimenta as visitas do empregado do banco que vén cobrar os prazos como continuación por outros medios da violencia física exercida contra el cando neno «de maneira fina, e o xeito fino é aínda moito peor» (Bruno). Cando, en *Signos de Vida*, Stroszek se rebelaba contra a orde do universo, aínda había unha grandeza trágica, cando neste filme Scheitz e Bruno saquean o perruqueiro en lugar do banco, é unha forma de rebelión tan a medias tintas, tan deplorable, que produce moita máis pena e rabia.

A imaxe dos EUA que Herzog traza neste filme é a dun amante decepcionado. Cando mostra ás personaxes, durante os preparativos, debuzadas sobre un atlas, buscando o destino co dedo, deixa aínda aparecer a visión do país das posibilidades ilimitadas, coa que os EUA deron ás durante séculos á fantasía dos emigrantes. Contra esta promesa utópica, da que aínda hoxe se alimentan os EUA, Herzog enumera as deformacións e desertizacións que atopou nos seus viaxes aos Estados Unidos e que acumula neste filme. De Railroad Flats Herzog escribiu nas notas preliminares do guión «de primeiras un diría que é un cruce de estradas, nada máis». Un lugariño mesquiño nun punto de unión de estradas, do que Clayton só coñece os asasinatos que aconteceron aquí, sinistros coma a comida do restaurante de *fast food* no que traballa Eva, e como o monstruoso *mobile home*. Algúns planos secundarios (por exemplo cando Bruno está deitado na cama fumando, o colchón aínda cuberto co plástico transparente e a colcha co mesmo estampado alegre e anódino que as cortinas) pónennos diante dos focifios a alienación á que están abocados os tres personaxes, sen posibilidade de se arrepoñeren.

Un amante decepcionado

Se houbo un momento no que os EUA parecían levar vantaxe a Europa, esta realidade hai tempo que está deformada: os «cidadáns libres», que resolvían os seus asuntos mesmo empunhando as armas, degradáronse en figuras comicamente tolas coma os dous granxeiros que patrullan nos seus tractores un pedazo de terra baldía, só para que o outro non a poida cultivar. Tamén os orgullosos indios están corrompidos. Ou ben se teñen adaptado até o irrecoñecíbel, coma o axudante de Clayton, ou representan, coma caricaturas de si mesmos, os atributos da súa grandeza pasada para os turistas.

Nun país así, un puro necio como Bruno só pode tolear e afundirse. Herzog exprésao co procedemento que coñecemos, sobre todo, de *Tamén os ananos comezaron pequenos* e *Aguirre, a cólera de Deus*: coa imaxe das voltas arredor de si e da repetición maníaca. «É coma un círculo». Con estas palabras Bruno, ao saír de prisión, interrompe ao alcaide, que o quixera ter dirixido a unha dirección vital máis sólida. Máis adiante, Bruno deixa dar voltas sen fin á furgoneta en

chamas, as cabinas do funicular xiran absurdamente e os policías non as dan parado. Na cabina, na que Bruno se quita a vida, un cartel: «Is this really me». No entanto, en gaiolas con dispensadores automáticos, paxaros amestrados para as acrobacias. Hai sobre todo unha galiña —animal que para Herzog, dende *Xogo na area*, sempre é un símbolo de estupidez aterradora —que volve aparecer unha e outra vez. Unha galiña que baila ao ritmo mecánico do reloxo musical sen parecer saber o que fai, e que mesmo a policía non pode distraer da ladaíña que a música puxo en marcha: o estar fóra de si, o caer na alienación mecánica até a adicción. Esta secuencia final formula a única —e non aceptábel— alternativa ao suicidio de Stroszek.

Tirado de:

Hans Günther Pflaum, Hans Helmut Prinzler, Jürgen Theobaldy e Kraft Wetzel (eds.), *Werner Herzog*. Múnic: Hanser Verlag, 1979. (Tradución ao galego de Alba Viñas)

8 DE XANEIRO | 21:30

O sureño
(*The Southerner*, Jean Renoir,
EUA, 1945 92', VOSG)

15 DE XANEIRO | 21:30

A moza (La joven
[*The Young One*], Luís Buñuel,
México / EUA, 1960, 96', VOSG)

22 DE XANEIRO | 21:30

Stroszek (Stroszek,
Werner Herzog, Alemaña,
1977, 108', VOSG)

29 DE XANEIRO | 21:30

A pedra do lobo
(Alberte Pagán,
Galiza, 2010, VO)



**CINECLUBE
DE
COMPOSTELA**